

---

# CANTAMOS!

XOVES 18 E VENRES 19 DECEMBRO 2025

Auditorio de Galicia, 20:30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Javier Fajardo, director

Milan Pérísic, barítono

Andrea Rey, mezzosoprano

Coro de Cámara Thalassa (Marín, Pontevedra)

Coro da Asociación Músico Crisanto (Rábade, Lugo)

Coro Asociación de Amigos del Camino de Santiago (Lugo)

Coro Asubío (Santiago de Compostela)

Coro da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela

Coro Crecente de Voces Graves (Santiago de Compostela)

Sons de Solovio (Santiago de Compostela)

CONVERSANDO CON... Javier Fajardo

Sala Mozart, 19:45h

---

# HISTORIAS

REAL  
FILHARMONÍA  
DE GALICIA

2025/26  
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA



CONSORCIO DE  
SANTIAGO



GOBIERNO  
DE ESPAÑA



CONSELLO DE  
SANTIAGO



XUNTA  
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación  
DA CORUÑA



Compostela  
Cultura

# PROGRAMA

I.

WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756–1791)

As vodas de Fígaro

*Abertura*

*Non so più*

*Giovani liete, fiori spargete*

Così fan tutte

*Rivolgete a lui lo sguardo*

GAETANO DONIZETTI (1797–1848)

Roberto Devereux. *All'afflito e dolce il pianto*

GIUSEPPE VERDI (1813–1901)

La traviata. *Di Provenza il mar*

Aida. *Marcha triunfall*

II.

GIACOMO PUCCINI (1858–1924)

Manon Lescaut. *Intermezzo (acto III)*

GEORGES BIZET (1838–1875)

Os pescadores de perlas. *L'orage s'est calmé*

CAMILLE SAINT-SAËNS (1835–1921)

Sansón e Dalila. *Mon cœur s'ouvre à ta voix*

GEORGES BIZET (1838–1875)

Carmen

*L'amour est un oiseau rebelle (Habanera)*

*Votre toast, je peux vous le rendre*

*Marcha dos toreadores*

Duración aproximada do concerto: 100 minutos (con pausa). Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

# REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico e Sebastian Zinca o seu director asistente desde 2024. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

## VIOLÍNS I

Pedro Rodríguez, concertino  
Adriana Winkler, axuda de concertino  
Ildiko Oltai \*\*  
Anna Alexandrova  
Ilya Fisher  
Yulia Petrushevskaya  
Michal Ryczel  
Victoria Jurov  
Marie Esther Cooper \*\*\*  
Lia Theotonio \*\*\*

## VIOLÍNS II

Grigori Nedobora \*  
Nikolay Velikov \*\*  
Irina Gruia  
Enrique Roca  
Helena Sengelow  
Samira Ajkic  
Elina Viksne  
Gyula Vadaszi  
Kiyoko Ohashi  
Catarina Barbosa \*\*\*  
Elena Rodríguez \*\*\*

## VIOLAS

Natalia Madison \*  
Ionela Ciobotaru \*\*  
Anne Schlossmacher  
Oxana Bakulina  
Timur Sadykov

Josep Ruiz (R)  
Inmaculada Muedra \*\*\*

## VIOLONCELLOS

Barbara Switalska \*  
Millán Abeledo \*\*  
Manuel Lorenzo  
Fabio Arias  
Carlos García  
Thomas Piel  
Nicolás Casamayor \*\*\*  
Nicolás Concheiro \*\*\*

## CONTRABAIXOS

Carlos Méndez \*  
Alfonso Morán \*\*  
Amador Del Pozo (R)  
Nicolás García \*\*\*

## FRAUTAS

Laurent Blaiteau \*  
Carmen Ferreiro (R)  
Carmen Bajo \*\*\*

## ÓBOES

Christina Dominik \*\*  
Ana Lucía Pérez \*\*\*  
Avelino Ferreira (R)

## CLARINETES

Beatriz López \*  
Vicente López \*\*  
Antonio Martín \*\*\*

## FAGOTES

Juan Carlos Otero \*  
Manuel Veiga \*\*  
Marcos Varela \*\*\*

## TROMPAS

Jordi Ortega \*  
Xavier Ramón \*  
Alfredo Varela  
Alberto López \*\*\*

## TROMPETAS

Javier Simó \*  
Ramón Llátser \*\*  
André Coutinho \*\*\*

## TROMBÓNS

Francisco Blay (R)  
Rita Fernández (R)  
Brais Molina (R)

## TUBA

Miguel Franqueiro (R)

## TIMBAL/PERCUSIÓN

José Vicente Faus \*

## PERCUSIÓN

Juan A. Vázquez Mouzo (R)  
Marta Prado (R)  
Lola Olmo \*\*\*

## ARPA

Bleuenn Le Fric (R)

# JAVIER FAJARDO

## DIRECTOR

Nado en Viveiro, Javier Fajardo é actualmente o director artístico da Joven Orquesta y Coro de la Universidad de Valladolid e o director musical asociado do Coro da Orquesta Sinfónica de Galicia.

Malia a súa xuventude, a súa formación académica baseada en estudos de clarinete, piano, canto, composición e dirección, levouno a obter os títulos superiores de composición e dirección. No terreo da dirección coral perfeccionou os seus estudos cos mestres Gary Graden, Frieder Bernius, Simon Halsey ou Gijs Leenars e no campo da dirección orquestral considera fundamental os inicios xunto a figuras como Andrés Salado ou Miguel Romea, que posteriormente completou con maestros como Nicholas Pasquet, Johannes Schlaefli, Rodolfo Fischer ou Mark Heron entre outros.

Na actualidade, a súa actividade artística céntrase na súa faceta como director e isto levouno a realizar concertos internacionais con formacións como o Kammerchor Stuttgart, a Klassische Philharmonie Stuttgart ou

o Rundfunkchor Berlin, concertos pedagóxicos como A Operiña enmarcada no Festival Bal y Gay 2022; así como tamén foi convidado por entidades nacionais como o Teatro Calderón de Valladolid para a preparación da ópera *Le martyre du Saint Sebastien* xunto á formación La Fura dels Baus e a Orquesta Sinfónica de Castilla y León, o Cor de Cambra do Palau de la Música Catalana ou o Coro da OSG co que recentemente gravou a versión francesa de *Orfeo e Euridice*, *O Mesías* de Haendel. Realizou a última xira que o Coro realizou por algunhas cidades galegas e estreou a misa de *Requiem en memoria de Luis Camoes* de Joao Domingos Bomtempo xunto á Sinfónica de Galicia.

# MILAN PÉRISIC

## BARÍTONO

Nado en Novi Sad, Serbia, realizou estudos musicais en diferentes disciplinas: acordeón, teoría musical, composición (graou na Academia de Artes da súa cidade natal) e canto (mestrado no Conservatorio Tartini de Trieste). Foi un dos participantes na segunda edición do YAP Crescendo no Teatro Real de Madrid.

En 2023 obtivo tres primeiros premios consecutivos en concursos internacionais: Les Corts (Barcelona), Josep Palet (Martorell) e BA Lirica (Busto Arsizio), nos que tamén recibiu premios especiais. Ese mesmo ano acadou o segundo premio no 40º Concurso Internacional Ciudad de Logroño, La Rioja. En setembro participou nas finais do Paris Opera Competition, celebradas no lendario Théâtre des Champs-Élysées.

Entre os recoñecementos máis recentes atópanse a súa participación como un dos 11 finalistas da primeira edición do Sumi Jo International Singing Competition, celebrada en xullo de 2024 e con máis de 500 aspirantes; o segundo premio no 20º Certame de Novas Voces Ciudad de Sevilla, obtido

en novembro do pasado ano; e, como culminación do 2024, o primeiro premio no 7º Concurso de Canto Compostela Lírica. No presente ano recibiu o premio especial do Festival de Música de Mafra «Filipe de Sousa» no 2º Cascais Opera International Competition.

No seu repertorio figuran roles como Dottore Malatesta (*Don Pasquale*), Lescaut (*Manon Lescaut*), Marcello (*La bohème*), Don Giovanni, Oreste (*Iphigénie en Tauride*), barítono (*Carmina Burana*), Harašta (*The Cunning Little Vixen*), Le Chat e *L'horloge comtoise* (*L'enfant et les sortilèges*), así como diversos papeis de comprimario.

En 2022 creou o papel protagonista de Alonso na estrea mundial da zarzuela *El orgullo de quererte*, de Javier Carmena, nos Teatros del Canal de Madrid. Ese mesmo ano debutou no escenario do Teatro Real de Madrid nun concerto semiescenificado coa JORCAM baixo a dirección de Rubén Gimeno Martínez.

En 2023 realizou o seu debut e tripla participación no Gran Teatre del Liceu,

en *Tosca*, *L'incoronazione di Poppea* e na estrea europea da máis recente ópera de John Adams, *Antony & Cleopatra*. Ese mesmo ano regresou ao Teatro Real para interpretar os papeis do Lacayo, Ivan Ivanovich e Estudante na produción de Barrie Kosky da ópera surrealista *O nariz* de Shostakovich. O seu recente debut na Opéra Bastille de París supón un fito destacado na súa carreira internacional.

A súa actividade concertística inclúe unha ampla variedade de formatos musicais, como ciclos de cancións de Britten, Fauré, Brahms, Vaughan

Williams ou De Falla, así como zarzuela integral.

Cantou baixo a dirección de recoñecidos directores internacionais como Simone Young, Emmanuelle Haïm, Giacomo Sagripanti, Shi-Yeon Sung, Henrik Nánási, Jordi Savall, Luca Guglielmi, Mark Wigglesworth, John Adams ou Josep Pons.

Entre os seus próximos debuts de rol figuran o Conde Almaviva (*Le nozze di Figaro*), Schaunard (*La bohème*), Cecil (*Maria Stuarda*) e o Heerrufer (*Lohengrin*).

# ANDREA REY

## MEZZOSOPRANO

Andrea Rey, mezzosoprano de voz poderosa e versátil, conquistou o público en importantes producións de ópera e zarzuela como *Carmen*, *L'Enfant et les Sortilèges*, *A frauta máxica* e *La Gran Vía*. As súas destacadas actuacións en escenarios de prestixio como o Teatro Real e o Auditorio Nacional de Madrid, xunto coas colaboracións con recoñecidas orquestras, consolidan a súa proxección como unha das grandes voces da súa xeración.

Andrea Rey, mezzosoprano natural de Cambados (Pontevedra), iniciou a súa formación no CMUS Manuel Quiroga baixo a tutela da soprano Conchi Rodríguez, onde obtivo o Premio Extraordinario de Fin de Estudos. Continuou a súa formación co tenor José Antonio Campo en Vigo e na Escola Superior de Canto de Madrid, da man da soprano Susana Cordón e da pianista repertorista Irene Alfageme.

Foi seleccionada na 4ª edición de *Crescendo*, un proxecto da Fundación Amigos do Teatro Real, co que debutou en *La Carroza del Real*, levando a ópera a diferentes puntos de España. Ac-

tuou con formacións como a Orquestra e Coro da Comunidade de Madrid ou a Orquestra Nereydas, participando en escenarios de referencia como o Teatro Real ou o Auditorio Nacional de Música.

Cun repertorio que abrangue desde o *Magnificat* de J. S. Bach ata o *Stabat Mater* de G. B. Pergolesi, interpretou tamén roles en óperas como *Carmen*, *Madama Butterfly*, *Dido and Aeneas* e *As vodas de Fígaro*, así como zarzuelas emblemáticas como *La Dolorosa*.

Na actualidade é contralto principal do Coro da Fundación Orquestra e Coro da Comunidade de Madrid e na tempada 2024/2025 participará en producións como *L'Enfant et les Sortilèges* de Ravel, *La Gran Vía* e *As vodas de Fígaro*, ademais do recital *Novas voces galegas* xunto ao pianista Aurelio Viribay.

# NOTAS AO PROGRAMA CANTAMOS

O concerto desta noite está conformado por unha selección de números dalgúñas das óperas máis famosas (un total de 9) da historia da música. *Cantamos!* é xa unha cita imprescindible na temporada da Real Filharmonía de Galicia nestas datas de nadal e serve para poñer en valor a importancia do canto coral como actividade non só artística senón tamén social. Esta iniciativa é posible grazas ás sinerxías entre a RFG e outras institucións como a EAEM, a Federación de Coros de Galicia e Amigos de la Ópera de Santiago de Compostela.

A ópera é un xénero musical de gran relevancia na nosa cultura dende os seus inicios froito das deliberacións da *Camerata Fiorentina* ao principio do Barroco e ata o día de hoxe. Trátase dun espectáculo interdisciplinario que esixe do traballo conxunto de moitas persoas para levarse a cabo. Esta noite teremos ocasión de escoitar fragmentos de dúas óperas clásicas de Mozart, e logo, unha selección de grandes nomes da ópera romántica: Donizetti, Verdi, Puccini, Saint Sæens e Bizet.

Wolfgang Amadeus Mozart (1756-1791) foi, como ben saben, un compositor moi prolífico. Dende moi novo decidiu aventurarse tamén no mundo da ópera, xa que era un xénero de gran prestixio e ao longo da súa carreira traballou todos os subxé-

neros do momento: ópera seria, ópera bufa, *Singspiel*... Hoxe escoitaremos números de dúas das súas óperas da coñecida como “triloxía italiana” con libretos de Lorenzo Da Ponte (poeta da corte imperial): *As vodas de Fígaro* e *Così fan tutte* (a ese conxunto sumáriase *Don Giovanni*). Ambas as dúas son óperas cómicas, pero os libretos de Da Ponte e a música de Mozart aportan unha maior profundidade ao xénero bufo con algúns elementos como o tratamento de asuntos morais, as tensións sociais, a presenza de personaxes serios, a caracterización musical dos personaxes mediante a elección do tipo vocal ou o uso dos instrumentos de vento na descrición de situacións.

*As vodas de Fígaro* foi composta en 1786 e o seu libreto está baseado na peza teatral homónima de Beaumarchais (a mesma que *O barbeiro de Sevilla* de Rossini), obra “perigosa” que contiña ideas revolucionarias sobre a igualdade e a loita de clases e que estivo prohibida polo emperador Xosé II. A ópera aborda intrigas amorosas entre plebeos e nobres. A abertura é a peza orquestral coa que se inicia e neste caso responde a unha forma sonata sen a sección central, é dicir, o desenvolvemento, así que escoitaremos a exposición con dous temas contrastantes e logo a recapitulación dos mesmos. “Non so più

cosa son, cosa faccio” é un aria para mezzosoprano pertencente ao primeiro acto na que o personaxe de Cherubino (paxe da condessa) expresa a súa confusión ante o sentimento amoroso; pola súa parte “Giovani liete, fiori spargete” é un número tamén do primeiro acto, no que o coro representa aos campesiños que, ataviados con flores, cantan para o conde.

*Così fan tutte ossia La scuola degli amanti* (*Así fan todas ou a escola dos amantes*) foi a vixésima ópera do autor austríaco e estreouse en 1790. Trátase dun *drama gioccoso* sobre a infidelidade e o intercambio de parellas, argumento un tanto frívolo e bufo que contrasta coa profundidade da parte musical. A historia xira en torno a dúas parellas Guglielmo e Fiordiligi, e Fernando e Dorabella. Os dous homes proban a fidelidade das súas amadas disfrazándose para cortexalalas. A aria “Rivolgete a lui lo sguardo” está escrita para barítono e, aínda que pertencía á ópera nun principio, foi substituída antes da primeira representación. Nela, Guglielmo canta sobre a fidelidade de Dorabella con numerosas referencias clásicas e xeográficas.

A parte romántica do programa ábrese con Gaetano Donizetti (1797-1848), un dos representantes máis destacados, xunto con Bellini, da corrente operística decimonónica coñecida como *belcanto*, é dicir canto belo, aquela na que o obxectivo principal é a procura da beleza vocal, con grandes frases melódicas e sen estridencias nin excesos técnicos. Donizetti compuxo oratorios, cantatas, música de cámara e

sacra, unhas cen cancións, varias sinfonías e arredor de 70 óperas, sen dúbida, o máis coñecido da súa produción con títulos célebres como *Anna Bolena*, *Lucía de Lamermoor*, *La fille du régiment* ou *L’elisir d’amore*. *Roberto Devereux* é unha traxedia lírica en 3 actos con libreto de Salvatore Cammarano, baseado na traxedia *Elisabeth d’Angleterre* de Jacques-François Ancelot. Esta obra foi escrita en 1837 nun momento moi complicado na vida do compositor, xa que a súa muller acaba de morrer despois de dar a luz a unha criatura que naceu tamén sen vida. A ópera aborda un amor ficticio entre a raíña Isabel I e o conde de Essex. A aria que escoitamos, “All’afflitto e dolce il pianto”, pertence ao primeiro acto e é cantada polo personaxe de Sara (mezzosoprano), duquesa de Nottingham, e nela expresa o seu triste estado mental.

Seguidamente, quen foi a figura crucial da ópera italiana na segunda metade do s. XIX ao igual que Wagner na área xermánica: Giuseppe Verdi (1813-1901). O compositor italiano escribiu 26 óperas ao longo dunha dilatada carreira que se iniciou con 26 anos e rematou aos 80. As súas primeiras creacións estiveron moi ligadas ao movemento nacionalista italiano coñecido como Risorgimento. *La Traviatta* forma parte da denominada triloxía verdiana xunto con *Rigoletto* e *Il trovatore* e estreouse no teatro da Fenice (Venecia) en 1853. É unha das primeiras óperas situadas no momento presente á súa estrea –normalmente abordábanse épocas preteritas– e por iso pode vincularse co mo-

vemento coetáneo da literatura coñecido como realismo. O libreto é da autoría de Francesco Maria Piave e está baseado na novela de Alexandre Dumas (fillo) titulada *A dama das camelias*. A obra recolle a vida dunha muller “extraviada” aos ollos do seu tempo que acaba namorada dun home de clase alta, Alfredo. A protagonista, Violetta, enfróntase aos convencionalismos sociais que fan perigar o seu amor, e á tuberculose que ameaza a súa vida. “Di Provenza il mar” é un aria para barítono do segundo acto. O personaxe que canta é Giorgio Germont, o pai de Alfredo, que expresa o só que se sente dende que o fillo marchou da casa como parte do plan co que pretende que a relación entre Violetta e Alfredo non continúe, xa que podería, segundo el, deteriorar a reputación da familia. A continuación, achegarémonos á que foi unha das súas últimas óperas, *Aida*, encargada polo teatro de O Cairo e estreada en 1871, obra de madurez que presenta algúns trazos da *Grand Opéra*. O libreto, escrito por Antonio Ghislanzoni, aborda unha temática exipcia, o que permitiu ao compositor introducir elementos exóticos nesta creación, na que se conta o amor desgraciado entre o xeneral exipcio Radamés e unha bela escrava, en realidade filla do rei dos etíopes, país co que Exipto está en guerra. Escoitaremos a célebre “Marcha triunfal”, pertencente ao segundo acto que coincide coa entrada vitoriosa de Radamés.

Continuamos en Italia da man de Giacomo Puccini (1858-1924), do que escoitaremos o *Intermezzo* do acto terceiro da súa obra *Manon Lescaut*, estreada en 1893. É a ter-

ceira ópera do compositor e representou o seu primeiro gran éxito. A súa estrutura é en catro actos e está baseada na obra *L'histoire du chevalier des Grieux et Manon Lescaut* escrita polo abade Prévost en 1731 e sobre a que tamén compuxo unha ópera Jules Massenet. Os libretistas foron Luigi Illica e Giuseppe Giacosa con quen escribiría posteriormente obras tan famosas como *La bohème*, *Tosca* ou *Madama Butterfly*. A obra conta a historia dunha muller, Manon, que se debate entre o amor dun rapaz novo e estudante, Des Grieux, de quen está realmente namorada, e as comodidades dunha vida con Geronte, un ancián rico e poderoso. Cando finalmente se decide polo amor, morre.

De seguido, trasladamos o foco cara Francia e en primeiro lugar escoitamos un número da ópera *Os pescadores de perlas* de Georges Bizet (1838-1875), escrita en 1863, cando o compositor tiña só 25 anos. Trátase dun *drame lyrique* onde os protagonistas son os conflitos íntimos e costumistas e non tanto os argumentos épicos ou históricos propios da *Grand Opéra*. Esta ópera pertence á corrente do exotismo e aborda o tema do amor prohibido arredor dun triángulo amoroso nun ambiente oriental, concretamente a illa de Ceilán. “L'orage s'est calmé” é un aria para barítono pertencente ao terceiro acto na que Zurga, xefe dos pescadores, canta a súa agonía.

Despois, a aria “Mon coeur s'ouvre à ta voix” (O meu corazón ábrese á túa voz) de *Sansón e Dalila* de Camille Saint-Saëns

(1835-1921), a única das 13 óperas do compositor que forma parte do repertorio. A obra, en tres actos e con libreto en francés de Ferdinand Lemaire, recolle o relato bíblico de Sansón e Dalila (pertencente ao Antigo Testamento) e nun principio a idea do compositor foi a de compoñer un oratorio. Diversos problemas dificultaron a súa estrea en Francia e finalmente, deuse a coñecer en Weimar grazas á mediación do compositor Franz Liszt en 1877 e traducida ao alemán (non se interpretou en París ata cinco anos despois). A aria que nos ocupa pertencente ao segundo acto e está escrita para mezzosoprano. Nela, o personaxe de Dalila intenta seducir a Sansón para que este lle conte o segredo da súa forza.

Finaliza o concerto con tres números da considerada como a cima da ópera francesa e unha das 3 óperas do repertorio máis programadas a día de hoxe: *Carmen* de Georges Bizet (1838-1875). A obra, froito dun encargo do teatro da Opéra Comique de París uns anos antes, estreouse en marzo de 1875 e tres meses despois morreu o seu autor con só 37 anos e sen ser testemuña do éxito que acadaría a súa última ópera. A súa clasificación é complexa, xa que mestura elementos de xéneros diversos como a *Grand Opéra* con outros do ámbito cómico, e os seus estudosos sinalan que supón o arranque do realismo e do naturalismo no espectáculo dramático. O libreto foi obra de Henri Meilhac e Ludovic Halévy sobre unha novela de Prosper Mérimée e combina o realismo co exotismo, corrente que triunfa en Francia

con autores de distintos campos como Delacroix, Víctor Hugo ou Gautier. A historia ambiéntase en Sevilla no s. XIX e está cargada de tópicos: Carmen, xitana de exuberante beleza e traballadora dunha fábrica de tabaco, namórase dun soldado, don José, que acaba enrolado nunha banda de contrabandistas da que ela forma parte. Posteriormente, ela déixao e inicia unha relación cun toureiro, Escamillo, e don José, morto de celos asasina a Carmen. Segundo o musicólogo José Luís Téllez trátase dunha reivindicación feminista única na historia da ópera. A nivel musical contén elementos do folclore popular español: ritmo de habanera, seguidilla, orquestración que imita instrumentos como a guitarra... Escoitaremos tres números: “L’amour est un oiseau”, a famosísima habanera, que é a aria de entrada do personaxe principal, Carmen. (mezzosoprano) e está baseada nunha obra que xa existía, *El arreglito*; “Votre toast” aria para barítono coñecida popularmente como “canción do toreador”, e cantada polo toureiro Escamillo á súa entrada no segundo acto na que describe as peripecias que acontecen na praza; e por último, a famosísima “Marcha dos toreadores” pertence ao segundo acto.

Desfrutemos pois desta última historia que nos brinda a Real Filharmonía neste 2025 e que nos leva ao universo operístico cun repaso a números célebres do gran repertorio do xénero dramático.

**Carme Tubío Barreira**

---

PRÓXIMO CONCERTO

**CONCERTO DE REIS: A CINCENTA**

**LUNS 5 XANEIRO**

**Auditorio de Galicia, 20:30 h**

**MARTES 6 XANEIRO**

**Auditorio de Galicia, 18:00 h**

Baldur Brönnimann, director

Lorena Conde, dramaturxia e dirección  
de escena

Belén Constenla, actriz

Lidia Veiga, actriz

Sergei Prokófiev: A cincenta (selección)

---

**AUDITORIO DE GALICIA**

Avenida do Burgo  
das Nacións, s/n  
15705 Santiago  
de Compostela

**DESPACHO DE BILLETES**

981 571 026 | 981 573 979  
981 542 462

**OFICINAS**

981 552 290 | 981 574 152

[rfgalicia.org](http://rfgalicia.org)

[compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)

**INSTAGRAM**

@realfilharmoniadegalicia

@compostelacultura

**FACEBOOK**

RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura

**X**

@CCultura

**TIKTOK**

@realfilharmoniadegalicia

**REAL  
FILHARMÓNIA  
DE GALICIA**

**2025/26**  
30 ANIVERSARIO

**AUDITORIO DE GALICIA**

